



---

## PLAN DE ORIENTACIÓN 2023 - 2024

Segundo o artigo 11 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da comunidade Autónoma de Galicia o Departamento de Orientación elaborará a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos equipos de ciclo e departamentos, e que trasladará ao equipo directivo para a súa inclusión na P.X.A. e no art. 75.2 da ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

A aprobación do Plan Xeral de Atención á diversidade compete ao consello escolar do centro docente, logo da proposta do claustro do profesorado, entendendo esta proposta como informe favorable. Logo de aprobado, o Plan Xeral de Atención á diversidade pasará a formar parte do Proxecto Educativo de centro.

O Plan de Atención á diversidade considérase como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

O obxectivo educativo na atención á diversidade do alumnado é conseguir que acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible, o que require unha adaptación da educación ás súas singularidades, que lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios.

Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.

---



---

Enténdese por alumnado que presenta necesidades educativas especiais, aquel que requira, por un período da súa escolarización ou ao longo de toda ela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.

Considérase que unha alumna ou un alumno presenta dificultades específicas de aprendizaxe cando o seu rendemento en relación á adquisición e uso dunha ou varias das capacidades de comprensión e expresión oral, lectura, escritura, razoamento e cálculo matemático é significativamente discrepante co seu potencial de aprendizaxe.

O decreto 229/2011 do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade no seu artigo 32 define o concepto de alumnado con necesidade específica de apoio educativo: "aquel que requira, de forma temporal ou permanente, apoios ou provisións educativas diferentes ás ordinarias por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, por altas capacidades intelectuais, por incorporarse tardiamente ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar".

## RECURSOS

### Recursos persoais

A Orientación é unha cousa de tódolos profesionais implicados na educación do alumnado. Os recursos persoais cos que conta o Centro son:

- 1 Orientador.
  - 2 mestras especialistas de PT/1 PROA + a ½ xornada
  - 2 mestras especialistas de AL.
  - Profesores especialistas de: 2 de lingua estranxeira, 1 educación musical, 2 de Educación Física, 1 de educación relixiosa.
  - 2 Mestras de apoio de EI.
  - 1 Coidadora /Auxiliar Técnico Educativo.
  - 6 mestras/es titoras /es de EI.
-



- 2 mestras de apoio a Infantil.
- 13 titores/as de Educación Primaria

A familia como recurso

**Segundo o artigo 83.1 da Orde do 8 de setembro de 2021 "As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado considéranse un recurso imprescindible no que representa o desenvolvemento integral das alumnas e dos alumnos, polo que deberán colaborar na promoción da súa autonomía, do seu esforzo, da súa autoestima, do seu autoconcepto, da súa participación social, da súa vida en convivencia democrática e de todo o que contribúa ao seu desenvolvemento harmónico. Igualmente, colaborarán nos procesos da avaliación inicial e da avaliación psicopedagóxica, cando sexan requiridas".**

Recursos materiais

**Segundo o artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021 "Os centros docentes contarán co equipamento material necesario para atender as necesidades educativas da totalidade do alumnado que escolarizan. Entre ese equipamento considérase a accesibilidade ás súas instalacións e/ou dependencias.**

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade dotará dos servizos materiais complementarios adaptados ó alumnado con necesidade específica de apoio educativo que os precise. Esa necesidade deberá acreditarse nos informes e/ou ditames correspondentes, **nos termos e polos procedementos dispostos nesta orde".**

## PARTICIPACIÓN E COORDINACIÓN

A participación, a colaboración e a coordinación como principios:

Segundo o artigo 85 da Orde do 8 de setembro de 2021 e o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, a Consellería de Cultura, Educación e Universidade debe promover a participación de todos os sectores que colaboran na educación do alumnado, así como a coordinación das súas actuacións, polo valor educativo que teñen eses aspectos e por entender que na educación debe participar o conxunto da sociedade.



---

Os proxectos educativos dos centros docentes teñen que considerar a atención á diversidade como unha labor compartida coas familias e coas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro que teñan entre as súas competencias e/ou fins a prevención, a detección temperá e, de ser o caso, a intervención educativa con determinados alumnos e alumnas.

A participación e a colaboración das familias:

Corresponde a cada centro docente promover a participación das familias na vida do propio centro, así como establecer os espazos e os modos desa participación. Estes aspectos concretaranse, cando menos, nas normas de organización, funcionamento e convivencia. Esa participación esténdese tanto ás familias consideradas de xeito individual como á organización que poidan ter, como asociacións de nais e pais do alumnado.

A participación, a colaboración e a coordinación de entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro relacionadas coa atención á diversidade:

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade promoverá o establecemento, coas distintas administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro, dos convenios e/ou acordos necesarios para ordenar e aproveitar as potencialidades de cadaquén e ofrecer seguridade ao conxunto do sistema. Igualmente, deseñará e difundirá as guías dos protocolos que considere necesarios para orientar e axustar a atención educativa á diversidade de circunstancias, situacións e realidades das alumnas e dos alumnos.

A coordinación entre o profesorado:

A coordinación das actividades docentes figura entre as numerosas funcións do profesorado. En consecuencia, os centros docentes deben articular a coordinación do seu profesorado, nun ámbito tanto vertical, a través dos equipos de ciclo e/ou departamentos didácticos, como horizontal, a través dos equipos de nivel e dos equipos docentes.

A coordinación entre centros docentes:

---



---

A coordinación entre os centros docentes considérase un mecanismo de inclusión do alumnado, polo seu valor no coñecemento e no axuste inicial á realidade de cada alumna e cada alumno. En consecuencia, os centros docentes deben deseñar actuacións destinadas a facilitar e/ou a obter ese coñecemento inicial.

## PROGRAMA E LIÑAS XERAIS A DESENVOLVER NO CURSO

### Educación infantil

- Reunión cos pais e nais dos alumnos e alumnas que comezan 4ºE.I en xuño.
  - Entrevista individualizada cos pais e nais do alumnado de 4º E.I ao comezo do curso dentro do período de adaptación.
  - Reunión cos pais e nais de 6º de Educación Infantil en xuño (preparación para o cambio de etapa).
  - Reunións cos pais e nais de 5º e 6º de Educación Infantil, no mes de setembro.
  - Reforzo das titoras/es.
  - Profesora de apoio de educación infantil, reforzo dos alumnos e alumnas que presentan inmadurez na motricidade fina, lateralidade, orientación espacial, **conceptos básicos ...,dentro da aula en pequeno grupo ou atención individualizada.**
  - Profesora de AL, para casos especiais con retraso na linguaxe, TEL e alumnos diagnosticados con algún síndrome ou trastorno.
  - Intervención do Departamento de Orientación sempre que se detecten atrasos madurativos significativos, coa finalidade de proporcionar ao profesorado e á familia recursos específicos para axudar ao alumno ou alumna no seu desenvolvemento .
-



---

## Educación primaria

Reunións coas familias ao comezo de curso e titorías máis urxentes daquel alumnado con aneae e novo alumnado, se é o caso.

- Medidas preventivas para o fracaso escolar:
    1. Apoio dentro da aula, por parte do profesorado con dispoñibilidade horaria, preferentemente nos primeiros niveis e naqueles curso con máis alumnado con dificultades.
    2. Información ao comezo do curso ao profesorado de todo o alumnado con informe psicopedagóxico e as propostas de apoio.(Orientadora, Xefe de Estudios).
  - Medidas ordinarias:
    - Avaliación inicial en todos os cursos por parte do profesorado titor/a.
    - Revisión dos expedientes do alumnado.
    - Reforzo educativo por parte do titor/a e especialistas en aqueles alumnos e alumnas que o precisan, segundo información dos informes previos dos alumnos.
    - Adaptacións metodolóxicas e organizativas por partes das titoras e titores.
    - Información e coordinación coas familias.
  - Alumnado con necesidades educativas especiais. Adaptacións Curriculares Significativas. Medidas extraordinarias.
    - Información do alumno/a ao equipo de mestres/as por parte do Departamento de orientación, proposta de apoios por profesorado especialista en PT e AL.
    - Apoio, de profesorado con dispoñibilidade horaria, segundo as necesidades.
    - Renovacións, posta en marcha e seguimento das ACS.
    - Información ás familias dos apoios e petición por escrito do seu consentimento.
    - Coordinación entre as mestras/es especialistas de PT/AL e titores/as para conseguir os obxectivos propostos na ACS, coa supervisión do Departamento de Orientación.
    - Coordinación coas familias.
-



- Alumnado con dificultades de aprendizaxe.
  - Previo informe do Departamento de Orientación.
  - Apoio, prioritariamente, dentro da aula por parte do profesorado especialista en PT ou AL, segundo as dificultades do alumnado.
  - Información ás familias dos apoios e consentimento por escrito.
  - Apoio, de profesorado con dispoñibilidade horaria, segundo as necesidades.
  - Reforzo, por parte das familias, con programas de actividades propostas polo departamento de orientación xuntamente cos titores ou titoras.
  - Alumnado estranxeiro con descoñecemento do idioma.

Dispoñemos dunha coidadora ou ATE (Auxiliar Técnico Educativo ), que atenderá a cinco alumnos: 1 de 1º de Ed. Primaria con *Multideficencia*, dous alumnos de 5º de Ed. Infantil con perfil TEA, 2 de 4º de Ed. Infantil con Perfil TEA os 4 con programa de control de esfínteres e unha nena en 6º infantil en desprazamentos, coidados e autonomía. Valorar posibles nenos de 4º infantil sin ingreso con plazo en ANEAE.

Segundo o artigo 80 da Orde do 8 de setembro de 2021 o persoal auxiliar coidador enténdese como un recurso profesional de apoio aos centros docentes para atender o alumnado con necesidades educativas especiais escolarizado no segundo ciclo de educación infantil, en educación primaria, en educación secundaria obrigatoria e, excepcionalmente, en educación secundaria postobrigatoria que presenta algunha das seguintes características:

- Necesidade de ser acompañado en todos ou en parte dos seus desprazamentos.
- Necesidade de asistencia na súa hixiene e aseo.
- Necesidade de asistencia imprescindible na súa alimentación.
- Necesidade de cambios posturais frecuentes ao longo da xornada escolar, para os que careza da autonomía necesaria.
- Ausencia de hábitos básicos de autonomía e de vida en sociedade.



O persoal auxiliar coidador destinado á atención do alumnado indicado no punto anterior terá as seguintes funcións:

- Atender ó alumnado nas entradas e saídas do centro docente; nos hábitos de hixiene, aseo e alimentación; nos recreos, xogos e tempos de lecer; nos cambios de actividade e nas demais necesidades análogas, potenciando nel a súa autonomía e inclusión. Esas atencións tamén se estenden ás noites no caso de alumnado internado en centros de educación especial.
- Realizar os cambios e o control postural que ese alumnado necesite.
- Facilitar os traslados polos espazos do centro.
- Contribuír ao seu coidado durante todo o período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.
- Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo, xogo e/ou lecer.
- De ser o caso, atender o alumnado durante o servizo de comedor, así como no tempo inmediatamente anterior e posterior a ese servizo.
- Nos casos excepcionais que resulte necesario, acompañar na ruta escolar ó alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.
- Colaborar nas actividades complementarias nas que participen a alumna ou o alumno.
- Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións nas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que corresponda e polo Departamento de Orientación.
- Calquera outra de análogo contido ou que teña relación coas funcións anteriores.

A intervención profesional do persoal auxiliar coidador será gradual, de maior a menor atención, en función do nivel de autonomía que o alumnado vaia adquirindo.

A ratio máxima de persoal auxiliar coidador e alumnado con necesidades educativas especiais non excederá de 1/6, tendo en conta as necesidades de atención do alumnado.





PROTOCOLO DE ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
Detección das necesidades específicas de apoio educativo do alumnado.

### PRIORIZACIÓN PARA A ATENCIÓN A ANEAE

A consideración da diversidade como un valor significa non só valorar as diferenzas, senón tamén aproveitar todas as potencialidades de cada persoa para que todas e cada unha se sintan plenamente incluídas e conten cos espazos de participación e desenvolvemento aos que a súa condición humana lles dá dereito. E isto non pode facerse sen un sistema educativo que promova que cada centro docente deseñe e desenvolva un proxecto educativo propio, guiado polos valores da inclusión, a igualdade, a colaboración e a calidade, entre outros. Do que se trata, como se indica no punto un do artigo único da Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é de garantir unha educación de calidade para a totalidade do alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

De conformidade co artigo 3 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, enténdese por atención á diversidade o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Polo tanto, dende o DO, consideramos priorizar a atención ao aneae tendo en conta os seguintes criterios:

- 1- Alumnado con aneae (diagnóstico e/ou discapacidade) con informe psicopedagóxico que así o determine e casos de maior gravidade.
- 2- Alumnado con ACS e/ou con desfase curricular importante . As ACS realizaranse sempre e cando exista un desfase de dous ou máis anos e/ou esgotadas as medidas ordinarias ou se estas fosen insuficientes.
- 3- Alumnado estranxeiro, sempre e cando teña desfase curricular e descoñeza as 2 linguas oficiais da CC.AA de Galicia (Se ten coñecemento dunha lingua oficial, en principio non sairía nin con P.T. nin con A.L.)



- 
- 4- Apoios que xa se realizaban durante os cursos anteriores e se considere con Dificultades de aprendizaxe importantes e priorizando os cursos inferiores antes que os superiores.
  - 5- Alumnado de Educación Infantil en casos de gravidade e designados pola orientadora.
  - 6- Alumnado repetidor.
  - 7- Novo alumnado ao que se lle detecte neae. Priorizaranse os cursos máis baixos.

#### MEDIDAS ORDINARIAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

##### MEDIDAS ORDINARIAS:

De conformidade co artigo 8 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas as que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, dos contidos nin dos criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros docentes e ás características do alumnado.

Haberá alumnos/as que precisen Reforzo Educativo dentro da aula por parte do profesorado que lle dea clase, é dicir, tanto por parte do profeses titores como dos especialistas e teremos en conta o artigo 48 de Orde do 8 de setembro de 2021 que no susodito artigo cita textualmente:

1. O reforzo educativo é unha medida de atención á diversidade que afecta á secuencia de contidos, ás formas e ós instrumentos de avaliación, á organización da aula, ó agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e aprendizaxe.
  2. As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área, a materia, o ámbito ou o módulo en que a alumna ou o alumno necesiten esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar á xefatura de estudos e á nai, o pai ou ás persoas titoras legais do alumnado.
-



3. O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo. En determinados casos, o reforzo educativo do profesorado que imparta a área, a materia, o ámbito ou o módulo pode contar coa colaboración de profesorado con dispoñibilidade horaria, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.

4. Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro. No anexo I da Orde do 8 de setembro de 2021, a modo orientativo, figura un modelo dese informe.

#### Artigo 49. Programas de enriquecemento curricular

1. Os programas de enriquecemento curricular son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquiredanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o dito alumnado e manter o seu nivel de motivación.

2. O alumnado con altas capacidades intelectuais, a que se refire o artigo 9 desta orde, que curse ensinanzas de réxime xeral, pode ser destinatario deses programas.

3. As persoas especialistas en altas capacidades intelectuais dos equipos de orientación específicos, no contexto da súa función de asesoramento, darán a coñecer aos departamentos de orientación pautas sobre programas de enriquecemento curricular para o alumnado con altas capacidades intelectuais. Será o equipo docente dese alumnado quen os desenvolva, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.



---

4. Os programas de enriquecemento curricular deberán desenvolverse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso en que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais. É competencia e responsabilidade do profesorado da área, da materia, do ámbito ou do módulo a oferta de actividades e a organización da aula para que a diversidade do alumnado se beneficie desta medida.

5. Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

#### MEDIDAS EXTRAORDINARIAS:

De conformidade co artigo 9 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supor cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse logo de esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes.

Segundo o artigo 55.1 da Orde do 8 de setembro de 2021 as adaptacións do currículo son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan aos elementos prescriptivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Para a adopción desta medida cumprirá que no informe psicopedagógico resultante da avaliación psicopedagóxica se entenda como a forma máis idónea para atender ás necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno e despois da aplicación doutras medidas de atención á diversidade.

Artigo 50. Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

1. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permaneza un ano máis no mesmo curso, debe seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender

---



---

e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

2. O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

3. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

#### ACTUACIÓNS ESPECÍFICAS:

As intervencións específicas que sexan precisas por parte dos profesores especialistas de pedagogía terapéutica ou de audición e linguaxe serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, do que forman parte, en colaboración co titor do grupo ó que pertence o alumno. Tales actuacións levaranse a cabo normalmente dentro da aula, xunto do resto do alumnado dese grupo, e só poderán levarse fóra dela en casos excepcionais que estean debidamente previstos nas adaptacións curriculares e durante un tempo que non excederá a terceira parte da xornada escolar.

A coordinación desas actuacións xunto coas do resto do profesorado, tendo en conta o proxecto curricular de etapa e as programacións de aula, corresponde á xefatura de estudos do centro.

---



---

A proposta de organización da atención ó alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, no seu caso, de outros profesionais específicos, será realizada pola xefatura do Departamento de Orientación, dacordo cos criterios establecidos no Plan Xeral de Atención á Diversidade e coa participación do profesorado titor do alumnado e do propio profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.

#### DETECCIÓN DAS NECESIDADES:

1. Se as necesidades son detectadas pola titora, esta debe elaborar un informe e recoller a información sobre as necesidades do seu alumno/a.
  2. Comunicarllo ao titor/a no caso que o informante sexa outro/a docente ou a familia.
  3. Adopción de medidas ordinarias por parte da titoría.
  4. Medidas levadas a cabo polo profesor-titor e outros/as docentes que lle imparten clase. Cando as medidas ordinarias son insuficientes ou quedan esgotadas se lle demanda a intervención do D.O.
  5. Entrevista e recollida de información por escrito. A titora ou titor deberá recoller as dificultades, necesidades da alumna/o e medidas adoptadas nas fichas facilitadas polo DO, antes de que interveña a orientadora directamente co alumno/a.
  6. Se posteriormente é necesario levar a cabo unha avaliación psicopedagóxica manterase unha reunión coa familia e entregámoslles a Autorización de Avaliación Psicopedagóxica a través do titor/a.
  7. Realización do Informe Psicopedagóxico a través das entrevistas cos pais ou cuestionarios para os proxenitores, achegas do profesorado de apoio, dos profesores especialistas, así como aquelas probas psicopedagóxicas que podan ser precisas para a observación directa ou indirecta do alumnado (artigo 20 e 21 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve do Decreto 229/2011, do 7 de decembro)
  8. Comunicación do Departamento de Orientación ao profesorado (mestres/as de apoio, das áreas instrumentais e específicas) e á familia.
-



9. Os resultados da avaliación psicopedagóxica serán comunicados á familia en reunión conxunta entre Xefatura do Departamento de Orientación e titor/titora do alumno con aneae.

ALUMNADO CON ANEAE QUE RECIBE APOIOS DAS ESPECIALISTAS DE PT E AL:

ALUMNO/A	ETAPA E NIVEL ESCOLARIZACCCURSO 23/24	DIAGNÓSTICO	DISCAPACIDADE	SESIÓNS RECIBIDAS 2022-23		SESIÓNS NECESARIAS 2023-24		MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE APLICADAS			COIDADOR/A CURSO 23/24
				PT	AL	PT	AL	RE	ACS	RE	
	4º E.I	AL					2				
	4º E.I	Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)	33%			4	4				
	4º E.I	Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)	33%			6	4				
	5º E.I. B	Trastorno do Espectro do Autismo (TEA)	33%			5	5	Si	Non		Si
	5º E.I. A	Retraso de linguaxe mixto, de predominio expresivo.	33%			3	2	Si	Non		Si
	4º E.I. A	Trastorno do Espectro do	33%			5	5	Si	Non		



		Autismo (TEA)									
6º E.I. A	Dif. Aprendizaxe					1	Non	Non			
6º E.I. A	Pendente valoración psicopedagóxica. Posible AA.CC						Non	Non			
6º E.I. B	TEA	33%	2	2	2	2	Si	Non			Si*
6º E.I. B	Retraso da linguaxe/conducta Pendente psiquiatría		2	2	2						
6º E.I.	Posible disfemia. Falta diagnóstico do SERGAS						Si	Non	Non		Non
6º E.I. A	Retraso da linguaxe		2		2		Si	Non	Non		Non
1º E.P.	Socioeducativo Dif. aprendizaxe				2						
1º E.P.	Socioeducativo Dif. aprendizaxe				2						
1º E.P.	Multideficiencia	63%	11		11	3	si	Si*	Si		si
1º E.P.	Multideficiencia	43%	9		9	2					Non
1º E.P.	Linguaxe inintelixible					2					
1º E.P.	Rotacismo					1					
1º E.P.	Dif. Aprendizaxe Retraso madurativo Solicitar EOE					1	si				
1º E.P.	Pendente TDAH Dáltonico					1					





1º E.P.	Rotacismo/ Valoración est. conducta					1				
1º E.P.	Retraso mad Pediatria					2				
1º E.P.	Ausencia de linguaxe, fala con monosílabos					2				
1º E.P.	Pendente de chegar o informe de Pediatria					2				
2º E.P.	Dif. aprend									
2º E.P.	Dif. Aprendiz Lecto/					1				
2º E.P.	Pendente informe conducta									
2º E.P.	Dif. Aprend Lecto					2	si			
2º E.P.	Dif aprendi									
2º E.P.	AA.CC PRECOCIDA DE									
2º E.P.	TDAH					2	1	si		
2º E.P.	Dislalias múltiples			1			1			
2º E.P.	Pendente de valoración logopédica									
2º E.P.	Dificultades de atención. Apoio de P.T. para o vindeiro curso					1		si		
3º E.P.	Dif. aprend					2		si		
3º E.P.	Dislexia		2	0		2	1	si		
3º E.P.	Dislalias			2			2			



3º E.P.	Alteración da linguaxe. Dificultades de aprendizaxe.		2		2	1	si		
3º E.P.	Dislexia e difi. a		2		2		si		
3º E.P.	TDL			2		2	si		
3º E.P.	Dislalias			1		1			
3º E.P.	Dif Aprend				2				
3º E.P.	Repíteu 2º E.P. Dificultades aprendiz				2		si		Si
3º E.P.	Repíteu 2º E.P. Dificultades de aprendizaxe		2		2				Si
3º E.P.	Repíteu 2º E.P. Dificultades de aprendizaxe				2				Si
3º E.P.	Repíteu 2º de E.P. Dificultades de aprendizaxe				2				Si
3º E.P.	Repíteu 2º de E.P. Retraso madurativo	33%	4	3	4	3	si		Si
3º E.P.	Derivada a Neuropediatría a-USM de Ferrol.		2		2		si		Non
4º E.P.	Dif aprendiz		2		2		si		Non
4º E.P.	TDAH		5		5				Non
4º E.P.	Dificultades específicas de aprendizaxe			3	4		si		Non
4º E.P.	Dificultades específicas de aprendizaxe			3	4		si		Non
4º E.P.	Dificultades específicas		5		5		si		Non



		de aprendizaxe							
4ºEP	Sospeita TDAH SERGAS			3	4			non	
4ºEP	Dif. aprenPel mariposa				2			non	
4º E.P.	Dificultades de aprendizaxe, comprensión e atención			3	4		si	Non	
4º E.P.	Dificultades de aprendizaxe Daltónico			3				Non	
5º E.P.	Dif. Aprend							Non	
5º E.P.	AA.CC Inspección							Non	
5 E.P.	Síndrome de Asperger			1	1		si	Non	
5º E.P.	Fixolle informe a titora. Á espera do diagnóstico do SERGAS							Non	
5º E.P.	Dif Aprendiz. Hisotira persoal Ten ACS		4		4		si	si	si
5º E.P.	Dificultades de atención. (Á espera do informe de Neuropediatría do SERGAS)		2		3		si	Non	
5º E.P.	Alumno con vulnerabilidade de socieducativa Repiteu 4º E.P.				3		si	Si	
5º E.P.	Dificultades específicas de aprendizaxe		2		2		si	Non	
5º E.P.	Alumno con vulnerabilidade de socieducativa grave.			3	3		si	Non	



	5º E.P.	Dificultades na lectoescritura						si		Non	
	5º E.P.	a posibilidade de valorar a Roi dende este D.O., pero esa opción foi rexeitada								Non	
	5º E.P.	Dislexia e +		2			3/4			non	
	6º E.P.	TDAH (Informe médico do SERGAS)		3		3		si		Non	
	6º E.P.	Dificultades de aprendizaxe		3		3		si		Non	
	6º E.P.	Dificultades de aprendizaxe		3		3		si		Non	
	6º E.P.	Alteración da fala. Otites frecuentes. Drenaxes		4	5	5	4	si		Non	
	6º E.P.	Hemiparesia dereita	36%							Non	
	6º E.P.	Iniciouse protocolo de TDAH. Pendente do informe do SERGAS.								Non	
	6º E.P.	Trastorno do neurodesenvolvemento. Ten ACS	33%	4	5	5	5	si	si	si	
	6º E.P.	Dificultades aprend		5		5		si		Non	
	6º E.P.	D. Atención Pendente informe		5		5		si		Non	
	6º E.P.	AA.CC.								Non	
	6º E.P.	Dificultades aprendizaxe. Repiteu 4º. AC		5		5		si	si	Non	



6º E.P.	AA.CC Aceleración					si		Non
6º E.P.	ACS en Educación Física. Valoración					si	si	Non
6º E.P.	Dificultades de aprendizaxe			3		si		Non
6º E.P.	Dificultades de aprendizaxe			3		si		Non

PLANIFICACIÓN XERAL E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:

ETAPA/CICLO EDUCATIVO	ACTUACIÓNS PREVISTAS	TEMPORALIZACIÓN
Educación Primaria e Infantil	Elaboración do Plan de Orientación Educativa.	1º TRIMESTRE
Educación Primaria e Infantil	Elaboración de horarios dos mestres/as que van a prestar apoio a nivel de centro e da especialista en P.T e A.L	1º TRIMESTRE, con revisión ao longo do curso
Educación Primaria e Infantil	Avaliación inicial dos alumnos/as, especialmente dos que comezan a etapa de Educación Primaria e dos que se escolaricen no centro por primeira vez.	1º TRIMESTRE
Educación Primaria e Infantil	Avaliacións e informes psicopedagóxicos ao alumnado que presente algunha dificultade.	1º, 2º e 3º TRIMESTRE e con seguimento ao longo do curso
Educación Primaria e Infantil	Organización dos apoios a alumnos/as.	1º TRIMESTRE, con revisión ao longo do curso



Educación Primaria e Infantil	Colaboración e coordinación con diferentes servizos que atenden aos alumnos/as con neae (EOE, CEFORE, asociacións, fundacións, servizos do concello, atención primaria e neuropediatría, servizos de apoio externos ao alumnado...).	AO LONGO DO CURSO (MENSUALMENTE)
Educación Primaria e Infantil	Colaboración no deseño e implementación do Plan de Convivencia Escolar. Formación e desenvolvemento	AO LONGO DO CURSO
Educación Primaria e Infantil	Actualización do PXAD. Redacción Plan convivencia	1º TRIMESTRE
Educación Primaria e Infantil	Elaboración doutros plans e proxectos (programas de reforzo e recuperación, Programas de reforzo en áreas instrumentales básicas, programas de <b>recuperación...</b> )	1º TRIMESTRE
5º e 6º nivel Educación Primaria	Elaboración e posta en marcha dun Programa de Hábitos e Técnicas de Estudo, resolución de conflitos (mediación), ou habilidades sociais encamiñados á convivencia. (SEMPRE QUE SEXA POSIBLE).	2º e 3º TRIMESTRE
Educación Primaria	Elaboración de informes dos alumnos/as con neae que rematan a Educación Primaria.	3º TRIMESTRE
3º Ciclo de Educación Primaria	Información sobre a estrutura do sistema educativo e as diferentes opcións que ten o alumnado ao rematar a Educación Primaria. Coordinación IES e visitas IES	3º TRIMESTRE
Educación Infantil	Xornada de convivencia (período de adaptación ao novo colexio).	AO LONGO DO CURSO 3º TRIMESTRE
Educación Primaria	Valoración e seguimento dos alumnos/as con neae.	AO LONGO DO CURSO



Educación Primaria	Actualización do espazo web do DO, na páxina do centro.	AO LONGO DO CURSO
Educación Primaria	Colaboración coa coordinación docente.	AO LONGO DO CURSO
Educación Primaria	Colaborar no desenvolvemento de programas específicos de aprendizaxe para alumnado procedente do estranxeiro.	SEMPRE QUE SEXA NECESARIO
Educación Primaria	Calquera outra actuación non incluída nas anteriores que poida ser demandada.	SEMPRE QUE SEXA NECESARIO